



FONDO SOLIDARIO E AXUDAS MATERIAL CURSO 2022/23

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en **1º e 2º de E. Primaria** no vindeiro curso, poden solicitar **as axudas para libros de texto e material escolar ata o 22 de xuño.**

As familias dos alumnos e alumnas matriculados en **3ºe 4ºde Educación Primaria** no vindeiro curso, poden solicitar no centro o **préstamo de libros de texto e a axuda de material escolar ata o 22 de xuño.**

O alumnado de **5º e 6º de E. Primaria** está incluído para o próximo curso no proxecto de Educación dixital E- Dixgal polo que non vai usar libros de texto e só poderá solicitar a axuda para o material, se ten os requisitos esixidos.

A solicitude poderase presentar :

- No centro: entregando o Anexo I e II e a documentación.
- Na páxina web da Xunta de Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

REQUISITOS

	Renda per cápita familiar		Material
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	
	Libros de texto		
1º e 2º EP	210€	140€	
3º, 4º, 5º e 6º EP	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾	
			50€

DOCUMENTACIÓN

- Anexo I e II.
- Copia do Libro de familia (ou calquera outro documento que acredite a unidade familiar: sentenza de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia...)
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade de calquera membro da familia.
- Acreditación de situación de violencia de xénero.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2020**(sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza) entre o número de membros computables.

CADA FAMILIA PRESENTARÁ UNHA ÚNICA SOLICITUDE